

Por Decreto de Alcaldía nº 144/2020 de data 19/05/2020, aprobáronse as seguintes:

CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DE TRES PEÓNS A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SOBRADO (PEL 2020).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal a xornada completa na modalidade de "obra ou servizo determinado", e utilizando como sistema de selección o concurso-oposición, de tres peóns para a realización de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Sobrado, conforme as Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 (publicada no BOP Nº 29 de 12/02/2020 e con Resolución de concesión definitiva no BOP Nº 63 de 24/04/2020) da Deputación da Coruña.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO DOS TRABALLADORES.

A duración do contrato será de 6 meses (data máxima de contratación ata 31/12/2020), dende a súa sinatura, cunha xornada de traballo a tempo completo, e a distribución do tempo de traballo será segundo as necesidades do servizo.

Os peóns percibirán un salario bruto de 1.108,33 euros/mes, por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra que lles corresponda.

TERCEIRA.- FUNCIONES.

As tarefas a realizar serán as indicadas na memoria, presentada polo Concello de Sobrado, de solicitude de subvención, de acordo coas Bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 (BOP Nº 29 de 12/02/2020) da Deputación da Coruña.

CUARTA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES.

1.- Para seren admitidos ao presente procedemento selectivo os/as aspirantes deberán ser desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato e xustificarse mediante informe emitido por dito servizo.

2.- Para seren admitidos ao presente procedemento selectivo os/as aspirantes deberán estar incluídos/as en colectivos en situación de exclusión laboral, estas situacións son as seguintes:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. A discapacidade hai que xustificala documentalmente.
- e) Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con

problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. Esta condición hai que xustificala documentalmente.

f) Persoas vítimas de violencia de xénero. Esta condición hai que xustificala documentalmente.

3.- Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Empregado Público de Galicia.

4.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.

5.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opte. Acreditarase mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

6.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

7.- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

8.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso.

9.-Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.

De presentar esta documentación os/as aspirantes que esten en posesión do Celga 1 ou equivalente, estarán exentos da realización de proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio na data fixada polo tribunal cualificador: Exercicio do coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral a realizar nun tempo máximo de dez minutos antes da oposición. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

QUINTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes (anexo I) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado mediante formulario normalizado dispoñible na páxina web do concello (www.sobrado.es) e nas súas dependencias municipais. O prazo de presentación de solicitudes é de (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña.

Tamén se poderán presentar as solicitudes mediante calquera das formas previstas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso o/a aspirante deberá comunicalo mediante un correo electrónico a correo@sobrado.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada á solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requerida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coas solicitudes os/as aspirantes presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Documentación acreditativa dos requisitos a comunicar (base 4ª.2. a), b), c), d), e), f)).
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta da presente convocatoria (anexo II).
- Documentación acreditativa para a fase de concurso.

SEXTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, a Alcaldía acordará a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.sobrado.es), concedendo, no seu caso, un prazo de 3 días hábiles para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo para a subsanación, o Alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución se sinalará tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de concurso-oposición e a composición do tribunal. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.sobrado.es).

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

- 1.- O Tribunal Cualificador será designado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.
- 2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos no artigo 23 da Lei 40/2015 citada, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.
- 3.-O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.
- 4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.
- 5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

OITAVA.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, DÍA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: Constará de dúas fases, que se indican:

A) FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima: **4 puntos**.

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración.

1) Formación: Nesta fase valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos): 4 puntos.

Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.

Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos onde non figuren expresamente o número de horas.

2) Coñecemento da lingua galega.

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

B) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima: 6 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramenta e maquinaria agrícola e forestal, sendo algunhas das funcións do posto de traballo a desenvolver: a limpeza de viais e zonas verdes, desbroce de maleza de zonas verdes e conservación destas zonas. Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

A tal efecto aplicarase o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social (apartado 2.1) a que se fai referencia no apartado 7 das Bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 (BOP Nº 29 de 12/02/2020) da Deputación da Coruña.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

DÍA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA E FASE DE OPOSICIÓN.

O día, hora e lugar de realización da proba práctica e no seu caso, a proba do coñecemento da lingua galega serán publicados, xunto coa lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, publicarse na páxina web do concello: (www.sobrado.es), e no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado.

Primeiro realizase a valoración dos méritos da fase do concurso, e a continuación, no seu caso, a proba do coñecemento da lingua galega e a proba práctica da oposición.

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

Concluídas as probas selectivas, o Tribunal cualificador formulará proposta de nomeamento dos/das tres aspirantes que reúnan a maior puntuación no procedemento de selección, elevándoa a Alcaldía para a súa contratación.

O tribunal queda capacitado para determinar unha lista de reserva de contratación (bolsa de emprego), co resto dos/das aspirantes non propostos/as para a contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar en reserva por orde da puntuación obtida, formando así unha lista de reserva de contratación.

A renuncia expresada formalmente ao chamamento que se realice ao sustituto/a implicará a súa exclusión da lista de reserva de contratación.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado (www.sobrado.es), o listado coas puntuacións acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba os/as aspirantes seleccionados/as para a súa contratación.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os/As aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro do Concello, no prazo de 5 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.sobrado.es), os documentos seguintes:

- a.-Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- f.- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- g.- Documentación acreditativa dos requisitos a comunicar (base 4ª.2. a), b), c), d), e), f)).

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida,

teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

UNDÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

- 1.-Presentada a documentación polos/as aspirantes seleccionados/as, ó Sr. Alcalde- Presidente procederá á formalización do correspondente contrato laboral nun prazo de cinco (5) días naturais.
- 2.-Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se traten o superasen satisfactoriamente, adquirirán plena eficacia o contrato subscrito.
- 3.-Mentres non se formalicen o contrato e non se incorpore, ao posto de traballo, os/as aspirantes non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DUODÉCIMA.- INCIDENCIAS.

1.- A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ANEXO I

DON/DONA.....
provisto/a de NIF nº:.....,con enderezo a efectos de notificacións en,
.....
e número de teléfono

EXPÓN:

- Que desexa participar no procedemento de selección de acceso libre para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a xornada completa de tres peóns, de acordo coas bases da convocatoria.

Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa. Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

- Fotocopia do D.N.I.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta da presente convocatoria (anexo II).
- Documentación acreditativa dos requisitos que desexa comunicar. (base 4ª.2. a), b), c), d) e), f)), indicar cal:

Documentación acreditativa da fase de concurso.
Polo exposto,

SOLICITA, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia.

En Sobrado, a de.....de 2020.

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO

ANEXO II

DON/DONA.....
provisto/a de NIF n°:....., con enderezo a efectos de notificacións
en.....
e número de teléfono....., aos efectos participar no procedemento de selección de
acceso libre para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a
xornada completa, de tres peóns, de acordo coas bases da convocatoria., declaro baixo xuramento:

-Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas corres-
pondentes ao posto de traballo ao que se opta.

-Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións
Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

-Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

E para que así conste, asino a presente,
en.....a.....de.....de 2020.

Asdo: